

2. Cando existan indicios de que a variedade non está sendo mantida adecuadamente polo titular do título de obtención vexetal, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, por iniciativa propia ou, de se-lo caso, a comunidade autónoma competente, ordenará un control de mantemento da variedade establecendo as súas modalidades mediante ensaios de campo ou outros ensaios nos que o material subministrado polo titular será comparado coa descrición ou a mostra oficial da variedade.

Cando deste control se desprenda que o titular non mantivo as condicións da variedade, será advertido disto.

3. Naqueles casos en que se comprobe que a variedade non é homoxénea ou estable, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá decidi-la extinción do dereito, logo de audiencia do interesado e, se é o caso, tras informe das comunidades autónomas que efectuaron os controis pertinentes.»

9. O artigo 53 queda redactado da seguinte maneira:  
«Artigo 53. *Taxa pola tramitación e resolución.*

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa a tramitación do procedemento nos aspectos que esta lle reserva ó Estado e a súa resolución.

2. O dereito de percepción da taxa producirase no momento en que inicie a tramitación a Administración xeral do Estado.

3. O importe da taxa derivada do feito impoñible previsto no número anterior é de 50.000 pesetas (300,506 euros).»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**5016** *REAL DECRETO 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.* («BOE» 62, do 13-3-2002.)

A apicultura, como actividade pecuaria, acadou nos últimos anos unha considerable importancia e un crecente interese, que, alén da súa repercusión económica no sector da produción do mel e outros produtos da colmea, ten unha importancia fundamental para o desenvolvemento rural, o equilibrio ecolóxico e constitúe a base para a conservación e a diversidade das plantas que dependen da polinización, o que contribúe a elevar a produtividade de gran parte dos cultivos, aproveitando recursos non utilizados por ningunha outra actividade productiva.

Por outra parte, a apicultura profesional debe considerarse como unha actividade gandeira fundamentalmente ligada á transhumancia para o mellor aproveitamento das distintas floracións silvestres e cultivadas,

polo que é conveniente adoptar aquelas medidas que faciliten este movemento, con plenas garantías sanitarias, e de maneira harmónica en todo o territorio nacional.

Neste sentido, é fundamental un sistema uniforme para a identificación das colmeas que permita, dunha forma rápida, coñecer-la explotación á que pertencen.

Ademais, na actualidade, a situación epizootiolóxica das explotacións apícolas sufriu diversas transformacións desde a aparición da enfermidade da varroose a mediados dos anos oitenta, polo que é necesario implantar novas medidas acordes con esta realidade, así como elaborar un programa sanitario común que permita unha loita racional contra este parasito, garantindo con iso a supervivencia da especie «*Apis mellifera*».

Nesta orde de cousas, a nivel comunitario dictáronse diversas normas que regulan fundamentalmente aspectos moi concretos do sector da apicultura vinculados á produción e comercialización do mel e cuestións de policía sanitaria en relación con determinadas enfermidades das abellas. Así, o Regulamento (CE) 1221/1997, do Consello, do 25 de xuño, establece as normas xerais de aplicación das medidas destinadas a mellora-la produción e comercialización do mel, e o Regulamento (CE) 2300/1997, da Comisión, do 20 de novembro, establece as disposicións de aplicación do anterior regulamento. Por outra parte, a Directiva 92/65/CEE, do Consello, do 13 de xullo, establece as condicións de policía sanitaria aplicables ós intercambios e ás importacións na comunidade de abellas.

No ordenamento xurídico interno a materia regulouse, fundamentalmente, mediante a Orde do 16 de febreiro de 1988 pola que se establecen normas sanitarias da transhumancia das abellas. Ademais, en relación coa normativa comunitaria anteriormente mencionada, o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, establece un réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais, e o Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, traspón á lexislación nacional a Directiva 92/65/CEE. Pola súa vez, as comunidades autónomas trataron profusamente o sector da apicultura mediante normas de diverso carácter e contido.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Este real decreto dítase de acordo co establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de febreiro de 2002,

### DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto establece as normas básicas polas que se regula a aplicación de medidas de ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas, así como as condicións de localización, asentamento e movemento de colmeas, infraestructura zootécnica, sanitaria e equipamentos, que permitan un eficaz e correcto desenvolvemento da actividade apícola en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto serán aplicables as seguintes definicións:

a) Enxame: é a colonia de abellas produtoras de mel («*Apis mellifera*»).

b) Colmea: é o conxunto formado por un enxame, o recipiente que o contén e os elementos propios necesarios para a súa supervivencia. Pode ser dos seguintes tipos:

1.º Fixista: é aquela que ten os seus panais fixos e inseparables do recipiente.

2.º Mobilista: a que posúe panais móbiles que se poden separar para recolección de mel, limpeza, etc. De acordo coa forma de crecemento da colonia e o conseguinte desenvolvemento da colmea, divídense en verticais e horizontais.

c) Asentamento apícola: lugar onde se instala unha alvariza para aproveitamento da flora ou para pasa-la invernada.

d) Alvariza: conxunto de colmeas, pertencentes a un ou a varios titulares e que se encontren nun mesmo asentamento. Poden ser:

1.º Estantes: son aquelas en que as colmeas permanecen todo o ano nun mesmo asentamento.

2.º Transhumantes: son aquelas en que as colmeas son desprazadas a outro ou outros asentamentos ó longo do ano.

e) Alvariza abandonada: alvariza con máis do 50 por 100 das colmeas mortas.

f) Colmea morta: colmea na que se evidencia a falta de actividade biolóxica dos seus elementos vivos (insectos adultos e crías).

g) Explotación apícola: conxunto de tódalas colmeas, repartidas nunha ou en varias alvarizas, dun mesmo titular con independencia da súa finalidade ou localización. Pode ser:

1.º Profesional: a que ten 150 colmeas ou máis.

2.º Non profesional: a que ten menos de 150 colmeas.

3.º De autoconsumo: a utilizada para a obtención de produtos das colmeas con destino exclusivo ó consumo familiar. O número máximo de colmeas para estas explotacións non poderá supera-las 15 colmeas.

h) Titular de explotación apícola: persoa física ou xurídica que exerce a actividade apícola e asume a responsabilidade e riscos inherentes á súa xestión.

i) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas.

### Artigo 3. Clasificación zootécnica das explotacións apícolas.

As explotacións apícolas clasifícanse en:

1. De produción: son as dedicadas á produción de mel e outros produtos apícolas (PD).

2. De selección e cría: son aquelas explotacións apícolas dedicadas principalmente á cría e selección de abellas (SC).

3. De polinización: son aquelas que teñen como actividade principal a polinización de cultivos agrícolas (PZ).

4. Mixtas: son aquelas nas que se alternan con importancia similar máis dunha das actividades das clasificacións anteriores (MX).

5. Outras: as que non se axustan á clasificación dos puntos anteriores (OT).

### Artigo 4. Identificación das colmeas. Código de explotación.

1. Os titulares das explotacións apícolas deberán identificar cada colmea, en sitio visible e de forma lexible, cunha marca indeleble, na que constará o código asignado á explotación a que pertence. Así mesmo, deberá

advertirse, en sitio visible e próximo á alvariza, da presenza de abellas. Esta advertencia non será obrigatoria se o predio está cercado e as colmeas se sitúan a unha distancia mínima de 25 metros da cerca.

2. O código de explotación a que fai referencia o número anterior estará composto pola seguinte secuencia alfanumérica:

a) Tres díxitos, como máximo, correspondentes ó número do municipio (de acordo coa codificación INE). No caso de que a provincia sexa identificada cun código numérico de dous díxitos, o municipio deberá identificarse necesariamente mediante tres díxitos.

b) As siglas da provincia de acordo co anexo II deste real decreto, ou dous díxitos para indica-lo código numérico correspondente.

c) Un máximo de sete díxitos para o número que se lle asigne a cada explotación.

3. Tódalas colmeas que se incorporen á explotación, xa sexa por substitución de material vello, por ampliación do tamaño da explotación ou por nova incorporación, identificaranse segundo o establecido neste real decreto no mesmo momento en que entren a formar parte da explotación.

### Artigo 5. Inscripción rexistral das explotacións apícolas.

1. O rexistro das explotacións apícolas corresponderalle á autoridade competente da comunidade autónoma na que radique o domicilio fiscal do titular.

2. Os titulares das explotacións apícolas deberán presentar ante a citada autoridade competente a correspondente solicitude, para os efectos do rexistro da explotación, xuntándose a documentación acreditativa dos seguintes extremos: datos persoais do titular da explotación, datos identificativos da explotación de acordo co disposto no artigo 4, clase de explotación segundo as categorías a que fai referencia o artigo 3 e tipo e número de colmeas.

3. As resolucións favorables darán lugar ás subseguintes inscricións nos correspondentes rexistros.

4. Igualmente, rexistraranse as modificacións esenciais dos datos, así como as decisións que se adopten sobre a suspensión ou extinción da actividade das explotacións apícolas.

### Artigo 6. Rexistro xeral das explotacións apícolas.

1. No Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación creárase un Rexistro Xeral de Explotacións Apícolas; para este efecto, as autoridades competentes remitirán, en soporte informático, durante o primeiro trimestre de cada ano, copia dos datos de que dispoñan, ata o 31 de decembro do ano anterior, á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Esta información conterá, polo menos, os datos ós que se refire o artigo 5.2.

2. O Rexistro Xeral de Explotacións Apícolas terá carácter público.

3. As autoridades competentes comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as modificacións que se produzan nos seus rexistros e en particular o cesamento na actividade da explotación.

### Artigo 7. Documento de explotación apícola e transhumancia.

1. Para os efectos zootécnicos e sanitarios, todo titular dunha explotación apícola deberá estar en posesión dun documento, caderno ou libro rexistro da explotación

apícola facilitado ós apicultores e dilixenciado pola autoridade competente. Neste documento recolleranse polo menos os seguintes datos, que se indican no anexo I:

- a) Código da explotación.
- b) Datos identificativos do titular da explotación.
- c) Número de colmeas.
- d) Información de cada traslado das colmeas.
- e) Datos sanitarios da explotación.
- f) Análises laboratoriais.

2. Este documento deberá estar ó dispor da autoridade competente da comunidade autónoma onde estea rexistrada a explotación e daquelas outras comunidades autónomas onde as colmeas circulen ou se asenten por razóns de transhumancia ou outras e, especialmente nos casos en que, ante unha situación de alerta sanitaria, se faga necesario instaurar medidas, principalmente, no que ó movemento de colmeas se refire. Así mesmo, este documento deberá ser validado anualmente pola autoridade competente da comunidade autónoma expedidora para efectos de control.

3. Os titulares das explotacións apícolas deberán actualizar en cada momento os datos contidos no dito documento.

4. O documento regulado neste artigo constitúe un requisito indispensable para calquera traslado das colmeas por razóns de transhumancia ou outras.

#### Artigo 8. *Condicións mínimas das explotacións apícolas.*

1. A disposición e natureza das construcións e instalacións, útiles e equipo posibilitarán en todo momento a realización dunha eficaz limpeza, desinfección e desparasitación en caso necesario.

2. Os asentamentos apícolas deberán respectar as distancias mínimas seguintes respecto a:

- 1.º Establecementos colectivos de carácter público e centros urbanos, núcleos de poboación: 400 metros.
- 2.º Vivendas rurais habitadas e instalacións pecuarias: 100 metros.
- 3.º Estradas nacionais: 200 metros.
- 4.º Estradas comarcais: 50 metros.
- 5.º Camiños veciñais: 25 metros.
- 6.º Pistas forestais: as colmeas instalaranse nas beiras sen que obstrúan o paso.

3. Para o establecemento de distancias mínimas entre asentamentos apícolas, non se considerarán os asentamentos de menos de 26 colmeas como referencia para determinar distancias mínimas entre asentamentos.

4. A distancia establecida para estradas e camiños no número 2 poderá reducirse nun 50 por 100 se a alvariza está en pendente e a unha altura ou desnivel superior a dous metros coa horizontal destas estradas e camiños.

5. As distancias establecidas no número 2 poderán reducirse, ata un máximo do 75 por 100, sempre que as alvarizais contén cunha cerca de, polo menos, dous metros de altura, na fronte que estea situada cara á estrada, camiño ou establecemento de referencia para determina-la distancia. Esta cerca poderá ser de calquera material que obrigue as abellas a iniciar-lo voo por encima dos dous metros de altura.

Esta excepción non será de aplicación ó disposto para distancias entre asentamentos apícolas.

#### Artigo 9. *Medidas de protección animal.*

O titular da explotación deberá velar pola satisfacción das necesidades fisiolóxicas e de comportamento das abellas, co fin de favorecer-lo seu bo estado de saúde e de benestar.

#### Artigo 10. *Control sanitario.*

1. Os titulares das explotacións apícolas deberán aplicar e manter os programas e normas sanitarias contra as enfermidades que se establezan, suxeitas a control oficial.

2. En caso de que se advirta unha alteración patolóxica que puidese poñer en perigo a explotación, o seu titular comunicarllo urxentemente á autoridade competente.

3. No marco da loita coordinada contra as enfermidades das abellas, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elaborará e coordinará a aplicación do Plan Nacional de loita integral contra a varroose, a execución do cal lles corresponderá ás autoridades competentes. Cando os apicultores se agrupen para levar a cabo a loita contra as ditas enfermidades conforme o previsto no Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeira, poderán percibir-las correspondentes axudas en función das disponibilidades orzamentarias.

#### Artigo 11. *Transhumancia.*

1. Poderase practicala transhumancia en todo o territorio nacional sempre que se cumpran os requisitos sanitarios e de documentación regulados neste real decreto.

2. Os apicultores que realicen transhumancia fóra do ámbito da súa comunidade autónoma, poderana realizar comunicándollo á autoridade competente da comunidade autónoma onde radique o rexistro da súa explotación, cunha antelación mínima dunha semana sobre a data de comezo do primeiro movemento de colmeas, o programa de traslados previsto para os tres meses seguintes, indicando municipio ou comarca, provincia e data prevista en que se van producir.

3. Esta comunicación, unha vez visada pola autoridade competente, deberá xuntarse ó documento de explotación apícola e transhumancia e acompañar-las colmeas nos seus desprazamentos. Conterá, polo menos, os seguintes datos:

- a) Data prevista de inicio dos traslados.
- b) Número de colmeas trasladadas.
- c) Lugar de orixe das colmeas.
- d) Lugar de destino das colmeas.
- e) Conformidade con sinatura do veterinario oficial e selo da unidade veterinaria.

4. Calquera alteración posterior á comunicación do programa de traslados previsto, que supoña un cambio na comunidade autónoma de destino, será comunicada polo apicultor así mesmo á autoridade competente de orixe, inmediatamente ou, como máximo, corenta e oito horas despois de que se producise.

5. As autoridades competentes do lugar de orixe transmitirán, no prazo máis breve posible, á autoridade competente do lugar de destino os programas de traslados que lles afecten, así como as incidencias ou alteracións ó programa que se producisen.

6. Durante o transporte, as colmeas deberán ir coa piqueira cerrada, e, se van coa piqueira aberta, cubertas cunha malla ou calquera outro sistema que impida a saída das abellas.

#### Artigo 12. *Inspección.*

As autoridades competentes levarán a cabo inspeccións zootécnicas e sanitarias, para comproba-lo cumprimento das condicións e requisitos esixidos na normativa de ordenación e regulación das explotacións apícolas.

**Artigo 13. *Infraccións.***

O incumprimento deste real decreto será sancionado, de acordo co establecido na Lei de epizootias, do 20 de decembro de 1952; no Decreto do 4 de febreiro de 1955, polo que se aproba o Regulamento de epizootias, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

**Disposición transitoria primeira. *Explotacións existentes pendentes de inscrición.***

Os titulares das explotacións existentes con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, que non estivesen inscritas no rexistro correspondente, así como os titulares de explotacións xa inscritas, deberán solicitar a inscrición no rexistro ou a actualización dos datos contidos nel, segundo proceda, á autoridade competente.

**Disposición transitoria segunda. *Identificación de colmeas.***

1. No prazo máximo de sesenta meses trala entrada en vigor deste real decreto, tódalas colmeas deberán estar identificadas segundo o establecido nel.

2. Identificada unha colmea co novo código establecido neste real decreto, deberá figurar no documento de explotación apícola e transhumancia xunto a el, o código anterior, polo menos ata que finalice o prazo sinalado no número 1.

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.***

1. Queda derogada a Orde do 16 de febreiro de 1988 pola que se establecen normas sanitarias da transhumancia das abellas.

2. Queda derogada calquera outra disposición de igual ou inferior rango, en todo aquilo que se opoña a este real decreto.

**Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 2459/1996.***

Modifícase o Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación, incluíndose no anexo I, parágrafo C, a enfermidade da varroose.

**Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1880/1996.***

Modifícase o Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto, polo que se regulan as agrupacións de defensa sani-

taria gandeiras, quedando redactado o parágrafo b) do artigo 3 do modo seguinte:

«b) Integrar, no ámbito territorial dun ou de varios municipios, polo menos o 30 por 100 dos gandeiros de cada municipio, salvo en apicultura, ou alternativamente, un censo gandeiro mínimo a determinar por cada comunidade autónoma para cada especie en relación coa súa estrutura gandeira e territorial.»

**Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 519/1999.***

Modifícase o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais, engadíndose un parágrafo segundo na alínea a) do número 1 do artigo 4, do seguinte teor:

«As alvarizas abandonadas e as colmeas mortas non darán dereito ó cobramento de axudas polo seu titular.»

**Disposición derradeira cuarta. *Títulos competenciais.***

As disposicións deste real decreto terán carácter de normativa básica estatal, ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, e no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación xeral da sanidade.

**Disposición derradeira quinta. *Facultade de desenvolvemento.***

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para dictar as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento deste real decreto.

**Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.***

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de febreiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,

MIGUEL ARIAS CAÑETE

**ANEXO I****Documento de explotación apícola e de transhumancia**

Rexistro de explotacións apícolas: .....

Titular da explotación: .....

Municipio: ..... Provincia: .....

Comunidade Autónoma: .....

Código da explotación apícola: .....

Código anterior á entrada en vigor do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro: .....

Titular da explotación: .....

NIF/CIF: ..... Número de teléfono: .....

Domicilio: R/ ..... Número: ..... Piso: ..... Porta: .....

Municipio: ..... C. P.: ..... Provincia: .....

Clase de explotación \*: .....

N.º de colmeas estantes: .....

N.º de colmeas transhumantes: .....

N.º total de colmeas: .....

Veterinario oficial da comunidade autónoma: .....

Traslados de colmeas: .....

Datos sanitarios: ..... enfermidades, tratamentos: .....

Análises laboratoriais: .....

Declara:

Que son verdadeiros tódolos datos indicados e contidos neste documento de explotación apícola e de transhumancia.

Comprométese:

A cumpri-lo disposto no Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, así como a lexislación apícola en vigor.

En ....., o ..... de ..... de .....

(Sinatura do apicultor ou representante legal)

\* Segundo as categorías a que fai referencia o artigo 2 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro:

Producción: PD.

Selección e cría: SC.

Polinización: PZ.

Mixtas: M.

Outras: OT.

Información que debe coñece-lo titular deste documento de explotación apícola e de transhumancia:

1. Para desenvolver-la súa actividade como apicultor deberá inscribirse no Rexistro Xeral de Explotacións Apícolas.

2. Tódalas colmeas deberán estar identificadas co código de explotación.

3. Debe actualizarse o rexistro, unha vez ó ano.

4. Neste documento, o apicultor anotará os seus datos persoais, as altas e baixas de colmeas, traslados, tratamentos sanitarios e análises laboratoriais realizados nas colmeas da súa explotación apícola.

5. Este documento, xunto co programa de traslados debidamente visado pola autoridade competente, ampara o traslado de colmeas en todo o territorio nacional.

**ANEXO II**

Comunidade Autónoma de Castela e León:

Segovia: SG.

Soria: SO.

Valladolid: VA.

Zamora: ZA.

Ávila: AV.

Burgos: BU.  
León LE.  
Palencia: P.  
Salamanca: SA.

Comunidade Autónoma de Castela-A Mancha:

Albacete: AB.  
Cidade Real: CR.  
Conca: CU.  
Guadalaxara: GU.  
Toledo: TO.

Comunidade Autónoma de Estremadura:

Badaxoz: BA.  
Cáceres: CC.

Rexión de Murcia:

Murcia: MU.

Comunidade Valenciana:

Alacant: A.  
Castellón: CS.  
Valencia: V.

Comunidade de Madrid:

Madrid: M.

Comunidade Autónoma de Cantabria:

Santander: S.

Comunidade Autónoma de Cataluña:

Barcelona: B.  
Xirona: GI.  
Lleida: L.  
Tarragona: T.

Comunidade Autónoma de Galicia:

A Coruña: C.  
Lugo: LU.  
Ourense: OU.  
Pontevedra: PO.

Comunidade Autónoma de Andalucía:

Almería: AL.  
Cádiz: CA.  
Córdoba: CO.  
Granada: GR.  
Huelva: H.  
Xaén: J.  
Málaga: MA.  
Sevilla: SE.

Principado de Asturias:

Asturias: O.

Comunidade Autónoma da Rioxa:

A Rioxa: LO.

Comunidade Autónoma de Aragón:

Huesca: HU.  
Teruel: TE.  
Zaragoza: ZA.

Comunidade Autónoma das Canarias:

Gran Canaria: GC.  
Tenerife: TF.

Comunidade Foral de Navarra:

Navarra: NA.

Comunidade Autónoma das Illas Baleares:

Baleares: IB.

País Vasco:

Araba: VI.  
Guipúscoa: SS.  
Biscaia: BI.

**5101** *REAL DECRETO 234/2002, do 1 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras.* («BOE» 63, do 14-3-2002.)

O Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, recolleu a lexislación nacional previa na materia e incorporou ó ordenamento xurídico interno unha normativa comunitaria integrada pola Directiva 92/34/CEE, do Consello, do 28 de abril, relativa á comercialización de materiais de multiplicación de froiteiras e de pés de froiteira destinados á produción frutícola, e polas directivas da Comisión dictadas en desenvolvemento e conformidade con aquela.

O aguacate é unha especie localmente moi importante da nosa economía agraria. Para prever os problemas sanitarios nas plantacións comerciais resulta necesario e efectivo asegurar a calidade e sanidade das plantas de viveiro que ofertan os provedores.

Para iso, este real decreto incorpora ó Regulamento técnico de control e certificación de froiteiras os requisitos de control e certificación da calidade das plantas de viveiro de aguacate nun anexo específico harmonizado co resto de especies reguladas de froiteiras. Esta harmonización non pode chegar ós termos que son propios das especies reguladas no ámbito da Unión Europea, como non é o caso do aguacate e o plataneiro, polo que se incorpora e se desenvolve a definición de categoría estándar para estas dúas especies.

Esta disposición foi sometida ó procedemento previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, modificada pola Directiva 98/48/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo, incorporada ó ordenamento xurídico interno polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos ós servizos da sociedade da información.

Na súa elaboración someteuse a consulta das entidades representativas dos sectores afectados e das comunidades autónomas.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle reserva ó Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior e de bases e coordinación da planificación xeral da economía.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de marzo de 2002,